



Asistentes:

- D. Gaspar Pérez Camero (Presidente).
- D^a Raquel Calleja Modia (Secretaria).
- D. Antonio Espiñeira Cajaraville (Estamento de Entidades Deportivas: Club de Ajedrez Escola Padrón).
- D. Jesus Rodriguez Perez (Estamento de Entidades Deportivas: Club Xadrez Brétema).
- D. Angel Fco. Vilas Fernandez (Entidades Deportivas: Club Xadrez Fontecarmoa)
- D. Daniel Codesido Sánchez (Entidades Deportivas: CIDU).
- D. Jose María Dorado Reboredo (Estamento de Deportistas)
- D. Francisco Javier Ogando González (Estamento de Árbitros).

En Padrón, ás 18:15 horas do 07 de Xuño de 2024, e coa asistencia dos membros mencionados na marxe, celébrase xuntanza da xunta directiva da Federación Galega de Xadrez, coa seguinte

Orde do día:

1. Memoria Deportiva tempada 2023.
2. Memoria económica tempada 2023.
3. Proxecto e calendario deportivo da tempada 2025.
4. Orzamento da tempada 2025.
5. Convocatoria AXO 2024.
6. Outros asuntos e propostas.

Entregada toda a documentación relativa a esta reunión, iníciase a mesma seguindo os puntos da orde do día.

1. Memoria Deportiva tempada 2023.

Exponse a Memoria Deportiva 2023 aprobada pola xunta directiva. Pregúntase aos asistentes se teñen alguna dúbida ao respecto. Non habendo ninguna cuestión ao respecto, apróbase para presentala á Asemblea Xeral.

2. Memoria económica tempada 2023.

Infórmase que existen varios erros tipográficos que solveranse e así poder levala á Asemblea para a súa aprobación (**Anexo I – Balance de situación** e **Anexo II – Pérdidas e ganancias.**)

3. Proxecto e calendario deportivo da tempada 2025.

Calendario Deportivo 2025: o comezo da Liga terá lugar o 01/02/2025 e a derradeira rolda (11ª) será o 03 de Maio de 2024 tendo descanso no Entroido 2025 (do 01 ao 04/03/2025) e en Semana Santa (do 12 ao 19/04/2025).

O Campionato Galego por equipos de Club 2025 terá lugar o 24 e 25 de Maio de 2025 e os Campionatos Individuais Lóstrego e Rápidas o 31/05 e 01/06/2025.

Proxecto Deportivo 2025: non habendo dúbidas, pásase ao seguinte punto.

Non habendo dúbidas apróbanse para a súa presentación á Asemblea Xeral (**Anexo III – Calendario Deportivo 2025** e **Anexo IV – Proxecto Deportivo 2025**).

4. Orzamento da tempada 2025.

Preséntase aos asistentes o Orzamento do 2025 baseado no Proxecto Deportivo 2025.

Modificouse a Orde do día e ampliouse nun punto cás cotas deportivas 2025 para incluír a cota dos equipos de Preferente a 115,00 €/equipo.

Non habendo ninguna pregunta máis, apróbase para presentalo á Asemblea Xeral (**Anexo V**).

5. Convocatoria AXO 2024.

Rectificación por parte da xunta directiva da orde do día da Asemblea Ordinaria ampliando os puntos a tratar:

- 1.- Acta da Asemblea anterior. Aprobación, se procede.
- 2.- Memoria Deportiva 2023. Aprobación, se procede.
- 3.- Contas anuais 2023. Aprobación, se procede.
- 4.- Proxecto Deportivo da tempada 2025. Aprobación, se procede.
- 5.- Calendario deportivo da tempada 2025. Aprobación, se procede.
- 6.- Orzamento da tempada 2025. Aprobación, se procede.



7.- Modificación Regulamento Xeral de Competicións. Aprobación, se procede.

8.- Cotas Federativas 2025. Aprobación se procede.

9.- Rogos e preguntas.

Non habendo ningunha petición máis, apróbase para publicala na páxina web e avisar aos assembleístas (**Anexo VI**).

6. Outros asuntos e propostas.

Non hai.

Ao non haber máis asuntos e propostas que tratar, levántase a sesión ás 20:47 horas.

Vº e prace:

Dª Raquel Calleja Modia
Secretaria FEGAXA

D. Gaspar Pérez Carnero
Presidente FEGAXA



BALANCE DE SITUACIÓN

FEDERACIÓN GALLEGA DE AJEDREZ

Período: 01-01-2023 / 31-12-2023; Período N-1: 01-01-2022 / 31-12-2022.-

Fecha: 31-12-2023

(Importes en euros)

ACTIVO			
DESCRIPCIÓN	(notas memoria)	Ejercicio 2023	Ejercicio 2022
A) ACTIVO NO CORRIENTE.			2.772,96
II. Inmovilizado material.			2.772,96
21. Inmovilizaciones materiales.		77.353,54	77.353,54
281. Amortización acumulada del inmovilizado material.		- 77.353,54	- 74.580,58
B) ACTIVO CORRIENTE.		45.956,92	47.767,79
II. Deudores por operaciones de actividad entidades deportivas.		1.322,86	17.008,00
1. Afiliados y otras entidades deportivas.		1.322,86	2.478,00
431. Clubes y entidades deportivas por licencias.		1.307,86	2.427,00
433. Federados y entidades deportivas.		15,00	51,00
3. Otros deudores.			14.530,00
44. Deudores varios, entidades públicas.			14.530,00
VI. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes.		44.634,06	30.759,79
57. Tesorería.		44.634,06	30.759,79
TOTAL ACTIVO.		45.956,92	50.540,75

PATRIMONIO NETO Y PASIVO			
DESCRIPCIÓN	(notas memoria)	Ejercicio 2023	Ejercicio 2022
A) PATRIMONIO NETO.		28.309,45	30.912,98
A-1) Fondos propios. (apdo. 7)		28.309,45	30.912,98
I. Fondo social.		30.912,98	38.708,85
1. Fondo social estatuario.		30.912,98	38.708,85
101. Fondo social Federación Galega de Xadrez.		30.912,98	38.708,85
VII. Resultado del ejercicio.		- 2.603,53	- 7.795,87
129. Resultado del ejercicio. (apdo. 7)		- 2.603,53	- 7.795,87
C) PASIVO CORRIENTE.		17.647,47	19.627,77
IV. Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar.		17.647,47	19.627,77
1. Proveedores.		12.096,60	14.697,94
400. Proveedores.		12.096,60	14.697,94
2. Otros acreedores.		5.550,87	4.929,83
41. Acreedores varios.		4.256,87	4.168,13
475. Hacienda Pública, acreedora por conceptos fiscales.		753,26	250,38
476. Organismos de la Seguridad Social, acreedores.		540,74	511,32
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO.		45.956,92	50.540,75



Cuenta de Perdas e Ganancias

FEDERACIÓN GALLEGA DE AJEDREZ

Período: 01-01-2023 / 31-12-2023; Período N-1: 01-01-2022 / 31-12-2022.-

Fecha: 31-12-2023

(Importes en euros)

PERDIDAS Y GANANCIAS	(notas memoria) Ejercicio 2023	Ejercicio 2022
1. Ingresos por actividad ordinaria.	67.718,00	78.482,00
701. Licencias deportistas, árbitros, entrenadores, clubs, equipos. (apdo. 9)	54.816,00	55.925,00
703. Docencia, cursos, tecnificación. (apdo. 9)	1.967,00	1.380,00
706. Competiciones, torneos, actividad deportiva. (apdo. 9)	10.685,00	20.577,00
709. Otros ingresos. (apdo. 9)	250,00	600,00
5. Otros ingresos de explotación.	59.073,00	59.808,00
740. Subvenciones y donaciones de explotación del ejercicio. (apdo. 9)	59.073,00	59.808,00
6. Gastos de personal.	- 21.856,53	- 20.713,49
64. Gastos de Personal. (apdo. 9)	- 21.856,53	- 20.713,49
7. Otros gastos de explotación.	- 104.765,04	- 115.059,07
62. Servicios exteriores. (apdo. 9)	- 14.682,91	- 13.548,07
65. Otros gastos de gestión y organización de competiciones. (apdo. 9)	- 90.082,13	- 101.511,00
8. Amortización del inmovilizado.	- 2.772,96	- 10.313,31
68. Dotaciones para amortizaciones. (apdo. 9)	- 2.772,96	- 10.313,31
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN.	- 2.603,53	- 7.795,87
B) RESULTADO FINANCIERO.		
C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS.	- 2.603,53	- 7.795,87
D) RESULTADO DEL EJERCICIO.	- 2.603,53	- 7.795,87

**CALENDARIO DEPORTIVO TEMPADA 2025**
FEDERACION GALEGA DE XADREZ**CAMPIONATOS PROVINCIAIS :**

CATEGORIA	RITMO MÍNIMO	DATAS:	CATEGORIA	RITMO MÍNIMO	DATAS:
Absoluto	1 hora por xogador	Entre : 01/01/2025 eo 19/01/2025	Sub-14	45 minutos por xogador	Entre : 01/01/2025 eo 19/01/2025
Sub-18	1 hora por xogador		Sub-12	30 minutos por xogador	
Sub-16	45 minutos por xogador		Sub-8 / 10	30 minutos por xogador	

CAMPIONATOS GALEGOS :

CAMPIONATO GALEGO SUB-8	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	12:00 h.	01/03/2025	Sábado
30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	16:00 h.	4ª rolda	18:30 h.	01/03/2025	Sábado
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	12:00 h.	02/03/2025	Domingo
	7ª rolda	16:00 h.	8ª rolda	18:30 h.	02/03/2025	Domingo

CAMPIONATO GALEGO SUB-14 E SUB-18	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	17:00 h.	01/03/2025	Sábado
1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	10:00 h.	4ª rolda	17:00 h.	02/03/2025	Domingo
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	17:00 h.	03/03/2025	Luns
	7ª rolda	09:30 h.	8ª rolda	16:00 h.	04/03/2025	Martes

CAMPIONATO GALEGO SUB-10	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	16:00 h.	12/04/2025	Sábado
60 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	18:30 h.			12/04/2025	Sábado
	4ª rolda	10:00 h.	5ª rolda	16:00 h.	13/04/2025	Domingo
	6ª rolda	18:30 h.			13/04/2025	Domingo
	7ª rolda	10:00 h.	8ª rolda	16:00 h.	14/04/2025	Luns

CAMPIONATO GALEGO SUB-12	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	16:00 h.	12/04/2025	Sábado
60 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	18:30 h.			12/04/2025	Sábado
	4ª rolda	10:00 h.	5ª rolda	16:00 h.	13/04/2025	Domingo
	6ª rolda	18:30 h.			13/04/2025	Domingo
	7ª rolda	10:00 h.	8ª rolda	16:00 h.	14/04/2025	Luns

CAMPIONATO GALEGO SUB-16	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	17:00 h.	12/04/2025	Sábado
1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	10:00 h.	4ª rolda	17:00 h.	13/04/2025	Domingo
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	17:00 h.	14/04/2025	Luns
	7ª rolda	09:30 h.	8ª rolda	16:00 h.	15/04/2025	Martes

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO, FEMININO, VETERANOS	1ª rolda	10:00 h.	17/04/2025	Xoves
1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	2ª rolda	17:00 h.	17/04/2025	Xoves
	3ª rolda	10:00 h.	18/04/2025	Venres
	4ª rolda	17:00 h.	18/04/2025	Venres
	5ª rolda	10:00 h.	19/04/2025	Sábado
	6ª rolda	17:00 h.	19/04/2025	Sábado
	7ª rolda	09:30 h.	20/04/2025	Domingo
	8ª rolda	16:00 h.	20/04/2025	Domingo
Posibilidade de aumentar/suprimir algunha rolda según nº de inscritos.				
Si o nº de inscritos nos campionatos feminino e veterano non e igual ou superior a 20, xogarán integrados no campionato absoluto.				

LIGA GALEGA POR EQUIPOS:

	ROLDAS	DATAS		ROLDAS	DATAS
90 min. + 30 seg/xogada en División de Honra, 1ª División e 2ª División. 3ª División xogarán 60' + 30"/xogada Descanso do 01/03/25 ao 04/03/25 (Semana Santa)	1ª	25/01/2025	Descanso do 12/04/25 ao 19/04/25 (Semana Santa) Hora comenzo: 17:00 h.-	7ª	15/03/2025
	2ª	01/02/2025		8ª	22/03/2025
	3ª	08/02/2025		9ª	29/03/2025
	4ª	15/02/2025		10ª	05/04/2025
	5ª	22/02/2025		11	26/04/2025
	6ª	08/03/2025			

CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS DE CLUB	30 e 31 Maio 2025	Blitz / Rápido
---------------------------------------	-------------------	----------------

CAMPIONATOS GALEGOS LÓSTREGO e RAPIDAS: 06 e 07 Xuño 2025.**XXXVI CIRCUITO INTERNACIONAL GALEGO DE XADREZ:** Meses de xuño a setembro.**XVIII CIRCUITO GALEGO DE PROMOCIÓN:** Meses de maio a novembro.

**FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ**

PROXECTO DEPORTIVO	-	2025
--------------------	---	------

P.2.- ACTIVIDADE DEPORTIVA ORDINARIA.

1. Campionatos galegos infantil e xuvenil.
2. Campionatos galegos prebenxamin, benxamin, alevín, cadete, absolutos.
3. Campionato Galego Individual Xadrez Rápido.
4. Campionato Galego Individual Xadrez Relámpago.
5. Campionatos Provinciais.
6. Liga Galega.
7. Copa Galicia de clubs.
8. Circuito Galego Escolar de Promoción.
9. Circuito Internacional Galego.
10. Participación deportistas nos Campionatos Internacionais.
11. Participación deportistas nos Campionatos de España.
12. Participación dos clubs nos Campionatos de España.
13. Adestramentos por internet.
14. Concentracións deportivas.
15. Cursos de Arbitros.
16. Cursos de Monitores-Adestradores.
17. Seminarios de Arbitros e Adestradores.
18. Outras actividades y torneos..

P.4.- CAMPIONATOS DE ESPAÑA DE SELECCIÓN AUTONÓMICAS EN IDADE ESCOLAR.

Vigo, a 7 de xuño de 2024



ORZAMENTO DETALLADO POR PROGRAMAS.			
GASTOS		ORZAMENTO	
P.1.-	GASTOS XERAIS DE FUNCIONAMENTO.	36.700,00 €	26,29%
1.-	Gastos de persoal.	28.500,00 €	
1.1.	Persoal administrativo,Seguridade Social, IRPF.	23.000,00 €	
1.2.	Asembleas,xuntas directivas,comisións delegadas e outras.	2.500,00 €	
1.3.	Dietas de directivos,administrativos,técnicos e outros.	3.000,00 €	
2.-	Gastos en bens correntes e servizos.	8.200,00 €	
2.1.	Correos e mensaxería.	600,00 €	
2.2.	Material de oficina.	1.500,00 €	
2.3.	Xestións páxina web e programas informáticos.	800,00 €	
2.4.	Telefono e internet.	1.000,00 €	
2.5.	Gastos de asesoría.	2.500,00 €	
2.6.	Gastos financeiros.	100,00 €	
2.7.	Primas de seguros.	1.100,00 €	
2.8.	Gastos de auditoría.	0,00 €	
2.9.	Outros gastos.	600,00 €	
P.3.-	CAMPIONATO DE ESPAÑA DE SELECCIÓNES CSD.	8.000,00 €	5,73%
1.	Campionatos de España de Selección Sub-14, Sub-16.	8.000,00 €	
P.4.-	ACTIVIDADE DEPORTIVA ORDINARIA.	94.900,00 €	67,98%
1.	Campionatos galegos Sub-8, Sub-14, Sub-18.	6.000,00 €	
2.	Campionatos galegos Sub-10, Sub-12, Sub-16, absolutos.	14.000,00 €	
3.	Campionato Galego Individual Xadrez Rapido.	1.000,00 €	
4.	Campionato Galego Individual Xadrez Relampago.	1.000,00 €	
5.	Campionatos Provinciais.	2.900,00 €	
6.	Liga Galega,programas de xestion deportiva.	35.000,00 €	
7.	Copas Galicia de clubs.	1.500,00 €	
8.	Circuito Galego Escolar de Promocion.	1.800,00 €	
9.	Circuito Internacional Galego.	6.000,00 €	
10.	Participación deportistas nos Campionatos Internacionais.	700,00 €	
11.	Participación deportistas nos Campionatos de España.	12.000,00 €	
12.	Participación dos clubs nos Campionatos de España.	2.600,00 €	
13.	Participación das Seleccións galegas.	800,00 €	
14.	Outras actividades.	500,00 €	
15.	Adestramentos por internet.	5.000,00 €	
16.	Concentracións deportivas.	1.600,00 €	
17.	Outras actividades, fomento e promoción deportiva.	500,00 €	
18.	Cursos de Arbitros.	500,00 €	
19.	Cursos de Monitores-Adestradores.	500,00 €	
20.	Seminario de Arbitros e Adestradores.	500,00 €	
21.	Outros Cursos.	500,00 €	
P.6.-	OUTROS PROXECTOS DE ESPECIAL RELEVANCIA.	0,00 €	0,00%
GASTOS TOTAIS :		139.600,00 €	

INGRESOS		ORZAMENTO	
1.	Secretaría Xeral para o Deporte	62.000,00 €	44,41%
2.	Licencias individuais e cuotas de entidades Federadas	65.000,00 €	46,56%
3.	Cuotas de inscrición a Cursos e outros.	6.000,00 €	4,30%
4.	Campionatos e torneos.	4.600,00 €	3,30%
5.	Outros ingresos.	2.000,00 €	1,43%
INGRESOS TOTAIS :		139.600,00 €	



Estimado asambleísta:

Según os estatutos da FEGAXA e de acordo coa Lei do Deporte de Galicia, convocase reunión da Asemblea Xeral Ordinaria desta federación deportiva para o vindeiro **día 22 de xuño de 2024, ás 11:00 horas en primeira convocatoria e ás 11:30 en segunda convocatoria**, na Casa do Deporte en Vigo (sede da Federación), coa seguinte

Rectificación Orde do día

1. Acta da asemblea anterior. Aprobación, se procede.
2. Memoria deportiva 2023. Aprobación, se procede.
3. Contas anuais 2023. Aprobación, se procede.
4. Proxecto deportivo da tempada 2025. Aprobación, se procede.
5. Calendario deportivo da tempada 2025. Aprobación, se procede.
6. Orzamento da tempada 2025. Aprobación, se procede.
7. **Modificación Regulamento Xeral de Competicións. Aprobación, se procede.**
8. **Cotas Federativas 2025. Aprobación se procede.**
9. Rogos e preguntas.

Vigo a 04 de Xuño de 2024

Asdo. Gaspar Pérez Carnero.
Presidente FEGAXA



Asistentes:

- D. Gaspar Pérez Carnero (Presidente).
- D^a Raquel Calleja Modia (Secretaria).
- D. Antonio Espiñeira Cajaraville (Estamento de Entidades Deportivas: Club de Ajedrez Escola Padrón).
- D. Jesus Rodriguez Perez (Estamento de Entidades Deportivas: Club Xadrez Brétema).
- D. Angel Fco. Vilas Fernandez (Entidades Deportivas: Club Xadrez Fontecarmoa)
- D. Daniel Codesido Sánchez (Entidades Deportivas: CIDU).
- D. Miguel Reboredo Otero (Entidades Deportivas: ACD Albatros).
- D. Jose María Dorado Reboredo (Estamento de Deportistas)

En Padrón, ás 17:40 horas do 22 de Novembro de 2024, e coa asistencia dos membros mencionados na marxe, celébrase xuntanza da comisión delegada da Federación Galega de Xadrez, coa seguinte

Orde do día:

1. Lectura do acta anterior. Aprobación, se procede.
2. Creación do artigo 61 BIS correspondente ao Título VII do regulamento Xeral de Competicións.
3. Actualización dos trofeos e premios dos Campionatos Galegos.
4. Outros asuntos e propostas.

Entregada toda a documentación relativa a esta reunión, iníciase a mesma seguindo os puntos da orde do día.

1. **Lectura do acta anterior. Aprobación, se procede.**

Pregúntase se hai algunha dúbida ou cuestión con respecto á acta anterior. Sendo conformes coa mesma, aprobase por unanimidade.

2. **Creación do artigo 61 BIS correspondente ao Título VII do regulamento Xeral de Competicións.**

Trala reunión da Xunta Directiva e atendendo á mantida no 2024 cós organizadores pertencentes ao Circuito Internacional propúxose realizar un Circuito Internacional semellante ao Circuito Catalán con torneos modalidade Standard e modalidade de rápidas.

Para elo preséntase o artigo 61 BIS con actualizacións/modificacións realizadas pola Xunta Directiva. Estando todos os presentes dacordo, aprobase por unanimidade.

Artigo 61 BIS correspondente ao Título VII do Circuito Internacional (Anexo I).

3. **Actualización dos trofeos e premios dos Campionatos Galegos.**

Expónse o aprobado pola Xunta Directiva: redución do número de trofeos e medallas nos Campionatos Galegos Individuais Lóstrego e Rápidas:

Do 1º ao 3º clasificado – Premio en metálico + Trofeo

Do 4º ao 5º clasificado – Premio en metálico + Medalla

Do 6º ao 8º clasificado – Premio en metálico.

Apróbase por unanimidade.

4. **Outros asuntos e propostas.**

Non hai.

Ao non haber máis asuntos e propostas que tratar, levántase a sesión ás 18:34 horas.

Vº e prace:

D^a Raquel Calleja Modia
Secretaria FEGAXA



D. Gaspar Pérez Carnero
Presidente FEGAXA



Anexo I - TÍTULO VII - CIRCUITO GALEGO INTERNACIONAL.

Artigo 61º BIS.

1.- A Comisión Delegada da FEGAXA será a encargada de decidir se o Circuito Galego Internacional estará formado por torneos standard e/ou torneos de rápidas atendendo ás solicitudes recibidas dos organizadores da anterior edición e outros que o soliciten fehacemente, para establecer unhas bases e normas basadas no orzamento anual federativo e a correspondente asinación para este circuito, respetando as tradicións dos torneos e as condicións, características e datas de anteriores edicións para cada un deles.

Neste caso, o Circuito Internacional estará limitado a un máximo de 15 torneos e cada organizador poderá inscribir ata un límite de 3 torneos.

Establécense 3 tipos de torneos, cada tipo de torneo debe ter un mínimo de premios en metálico (non son válidos premios en especies ou en inscricións para edicións posteriores):

- **Categoría A:** Torneos Estándar con 9 roldas, mínimo 7 días de competición e cun mínimo de 5.000,00 € en premios.
- **Categoría B:** Torneos Estándar con máis de 5 roldas, cun mínimo de premios de 1.500,00 €. Non sendo válidos os torneos Sub.
- **Categoría C:** Torneo de xadrez rápido, mínimo de 7 roldas e cun mínimo de premios de 1.000,00€.

As preferencias a ter en conta para pertencer ao Circuito Internacional de Xadrez serán:

- Número de edicións realizadas e válidas para elo Fide.
- Mínimo de 30 xogadores en cada unha das edicións realizadas nos últimos 2 anos.
- Bolsa total de premios.

Non se poderá organizar dous ou máis torneos nas mesmas datas dos torneos pertencentes ao mencionado Circuito.

A cuantía máxima de cota de inscrición en cada tipo de torneo será a seguinte:

- **Torneos grupo A:** ata 60,00€ de cota de inscrición.
- **Torneos grupo B:** ata 30,00 € de cota de inscrición
- **Torneos grupo C:** ata 15,00 € de cota de inscrición

Establecerase unha clasificación xeral do circuito en base aos resultados obtidos en cada un dos torneos que forman parte do circuito internacional.

Torneos Categoría A		Torneos Categoría B		Torneos Categoría C	
Clasificación	Puntuación	Clasificación	Puntuación	Clasificación	Puntuación
1º	30	1º	20	1º	12
2º	26	2º	18	2º	10
3º	22	3º	16	3º	8
4º	20	4º	14	4º	7
5º	18	5º	12	5º	6
6º	16	6º	10	6º	5
7º	14	7º	8	7º	4
8º	12	8º	6	8º	3
9º	10	9º	4	9º	2
10º	8	10º	2	10º	1

Contabilizaranse as mellores clasificacións nun mínimo de torneos.

- a) Poderán darse premios en metálico.
- b) Optarán aos premios os xogadores que participen en determinado número de torneos, a metade de torneos máis 1.



A participación terase en conta sempre e cando rematen ditos torneos tendo en conta o estipulado no apartado b.5):

- b.1) Tódolos torneos disputaríanse polo sistema suízo a 9 roldas nos torneos tradicionais categoría A; máis de 5 roldas nos torneos de categoría B; e un mínimo de 7 roldas nos torneos categoría C.
- b.2) Ritmo de xogo: valedeiro para elo FIDE e para normas, según a normativa vixente.
- b.3) Os torneos en xeral, serán valedeiros para a obtención de normas e Elo FIDE.
- b.4) Os desempates na clasificación de cada torneo varían segundo as bases propias de cada un deles.
- b.5) Os torneos estándar poderán ter byes de medio punto, según as bases propias de cada torneo: os de categoría A ata un máximo de 3; os de categoría B ata un máximo de 2; e os de categoría C byes de cero puntos. Sempre e cando os byes non sexan nas 3 derradeiras roldas.

2.- REGULACIÓNS.

- a) Poderase establecer un canon de inscrición ás entidades participantes no Circuito Internacional.
- b) A Federación Galega de Xadrez, designará o árbitro principal, que poderá ser proposto pola organización, pero sempre coa designación expresa da Federación. A titulación mínima nos torneos categoría A será de Árbitro FIDE, e os de categoría B e C, Árbitro Autonómico.
- c) A FEGAXA poderá asinar un convenio co organizador e abonará posibles axudas según se determine en dito convenio e nas condicións e formas estipuladas no mesmo.
- d) A Federación Galega de Xadrez poderá aboar os gastos de avaliación Fide nos torneos rápidos.
- e) Os árbitros auxiliares dos torneos poderán ser designados pola organización, previo coñecemento e autorización da FEGAXA.
- f) A Federación Galega de Xadrez poderá designar árbitros adxuntos para que poidan cumprir normas, sin representar cargo a organización.
- g) O informe do torneo enviarase a FEDA a través da FEGAXA dentro dos prazos estipulados, correndo a Federación Galega cos gastos da avaliación para FIDE. Si existen recargos ou sancións, polo incumplimento das obrigacións de entregas e xustificacións, correrán a cargo da organización ou árbitro principal, deducíndose os importes correspondentes do que lle corresponda aboar a FEGAXA a organización ou honorarios do árbitro principal.
- h) Os xogadores designados como becados pola FEGAXA para torneos só estarán exentos dos gastos de inscrición nos torneos de categoría A.
- i) A FEGAXA poderá chegar a acordos cos organizadores para enviar grupos de xogadores/as becados con adestrador/a os torneos.
- j) Solicitarase un formulario de coordinación do torneo que deberá entrar en tempo e forma na FEGAXA, para que o torneo poida formar parte do Circuito Galego Internacional.
- k) O nome do director do torneo comunicarse previamente a FEGAXA para que está proceda a dar a súa conformidade.
- l) A información, bases e normativa xeral comunicadas e publicadas, dos torneos non poderán variarse nin cambiarse con posterioridade. Axustarase a presente normativa da FEGAXA, e as normas que se acorden nas reunións de organizadores.



- m) Tanto o director do torneo como os árbitros principal e auxiliares, realizarán unicamente estes cometidos, non podendo en ningún caso participar como xogador/a.
- n) En toda a publicidade e comunicados do torneo figurarán os logotipos do Xunta de Galicia, Deporte Galego e da Federación Galega de Xadrez.
- o) Os torneos respetarán e cumprirán a normativa legal e regulamentaria da FEGAXA, FEDA e FIDE.
- p) Respetaranse as datas e características da edición precedente de cada torneo así como a antigüidade dos mesmos para establecer o calendario da tempada do circuito. Non poderán coincidir dous ou máis torneos nas datas, salvo acordo dos organizadores e sempre que polo seu número non fora posible que se realizasen nas datas do circuito. Nese caso non coincidirían dous próximos que poidan restarse participacións.
- q) A clausura do circuito poderase celebrar coincidindo co último ou en outra data concreta que estableza a FEGAXA.
- r) É necesaria a aceptación e cumprimento de toda esta normativa e a complementaria de cada edición para poder figurar como torneo do circuito galego internacional.
- s) Para ser aceptados deberanse cumprir as pautas marcadas pola Federación inda que tratarase de amoldar as características individuais de cada torneo xa consolidado. Darase preferencia os torneos máis antigos, respetando as súas características e datas.